

DECLARACIÓN SOBRE O DIREITO E A RESPONSABILIDADE DOS INDIVÍDUOS,
GRUPOS OU ÓRGANOS DA SOCIEDADE DE PROMOVER E PROTEXER OS DIREITOS
HUMANOS E LIBERDADES FUNDAMENTAIS UNIVERSALMENTE RECOÑECIDOS
(DEFENSORES DE DIREITOS HUMANOS)



Observatório dos Direitos e Libertades

www.esculca.net

A ASEMBLEA XERAL

Reafirmando a importancia da realización dos obxectivos e principios da Carta das Nacións Unidas para a promoción e protección de todos os dereitos humanos e liberdades fundamentais de todas as persoas en todos os países do mundo,

Tomando nota da Resolución 1998/7 da Comisión de Dereitos Humanos, de 3 de Abril de 1998, pola cal a Comisión aprobou o texto do proxecto de declaración sobre o dereito e a responsabilidade dos individuos, grupos ou órganos da sociedade de promover e protexer os dereitos humanos e liberdades fundamentais universalmente recoñecidos,

Tomando tamén nota da Resolución 1998/33 do Consello Económico e Social, de 30 de Xullo de 1998, pola cal o Consello recomendou o proxecto de Declaración à Asemblea Xeral para adopción,

Consciente da importancia da adopción do proxecto de declaración no contexto do quinquaxésimo aniversario da Declaración Universal dos Dereitos Humanos, Resolución 217ª (III),

1. Adopta a *Declaración sobre o dereito e a responsabilidade dos individuos, grupos ou órganos da sociedade de promover e protexer os dereitos humanos e liberdades fundamentais universalmente recoñecidos, anexa à presente Resolución;*
2. Convida os Governos, as axencias e organizacións do sistema das Nacións Unidas e as organizacións intergovernamentais e non governamentais a intensificaren os seus esforzos para divulgar a Declaración e para promover o respecto universal e a comprensión da mesma, e solicita ao Secretario-Xeral que inclua o texto da Declaración na próxima edición da obra Dereitos Humanos: *Compilación de Instrumentos Internacionais.*

85.ª Reunión Plenaria
9 de Decembro de 1998

ANEXO

Declaración sobre o dereito e a responsabilidade dos individuos, grupos ou órganos da sociedade de promover e protexer os dereitos humanos e liberdades fundamentais universalmente recoñecidos

A ASEMBLEA XERAL

Reafirmando a importancia que asume a realización dos obxectivos e principios da Carta das Nacións Unidas para a promoción e protección de todos os dereitos humanos e liberdades fundamentais de todas as persoas en todos os países do mundo,

Reafirmando tamén a importancia da Declaración Universal dos Dereitos Humanos e dos Pactos Internacionais sobre Dereitos Humanos encanto elementos esenciais dos esforzos internacionais para promover o respecto universal e efectivo dos dereitos humanos e liberdades fundamentais, ben como a importancia de outros instrumentos de dereitos humanos adoptados no ámbito do sistema das Nacións Unidas e no ámbito rexional,

Subliñando que todos os membros da comunidade internacional deberán cumprir, en conxunto e separadamente, a súa solene obrigaçión de promover e estimular o respecto dos dereitos humanos e liberdades fundamentais para todas as persoas sen calquer distinción baseada, nomeadamente, na raza, cor, sexo, lingua, relixión, opinión política ou outra, orixe nacional ou social, condición económica, nacemento ou outra situación, e reafirmando a particular importancia de conseguir a cooperación internacional para cumprir esa obrigaçión en conformidade con a Carta das Nacións Unidas,

Recoñecendo o importante papel da cooperación internacional e o importante contributo do traballo dos individuos, grupos e asociacións para a efectiva eliminación de todas as violacións de dereitos humanos e liberdades fundamentais dos povos e dos individuos, nomeadamente no que di respecto a violacións en masa, flagrantes e sistemáticas como as que resultan do apartheid, de todas as formas de discriminación racial, do colonialismo, do dominio ou ocupación estranxeira, da agresión ou ameazas à soberanía nacional, unidade nacional ou integridade territorial e da recusa en recoñecer o dereito dos povos à autodeterminación e o dereito de todos os povos a exerceren a súa plena soberanía sobre as súas riquezas e recursos naturais,

Recoñecendo a relación entre a paz e a seguranza internacionais e o gozo dos dereitos humanos e liberdades fundamentais, e consciente de que a ausencia de paz e seguranza internacionais non constitui desulpa para o desrespeito destes dereitos e liberdades,

Reiterando que todos os dereitos humanos e liberdades fundamentais son universais, indivisíbeis, interdependentes e indisolubíbeis e deberán ser promovidos e realizados de forma xusta e equitativa, sen prexuízo da realización de cada un deses dereitos e liberdades,

Subliñando que a responsabilidade e o deber primordiais de promover e protexer os dereitos humanos incumben ao Estado,

Recoñecendo que os individuos, grupos e asociacións teñen o dereito e a responsabilidade de promoveren o respecto e o coñecemento dos dereitos humanos e liberdades fundamentais a nivel nacional e internacional,

DECLARA

ARTIGO 1.º

Todas as persoas teñen o dereito, individualmente e en asociación con outras, de promover e lutar pola protección e realización dos dereitos humanos e das liberdades fundamentais a nivel nacional e internacional.

ARTIGO 2.º

1. Cada Estado ten a responsabilidade e o deber primordiais de protexer, promover e tornar efectivos todos os dereitos humanos e liberdades fundamentais, nomeadamente através da adopción das medidas necesarias para a creación das devidas condicións nas áreas social, económica, política e outras, ben como das garantías xurídicas que se impoñen para asegurar que todas as persoas sob a súa xurisdición, individualmente e en asociación con outras, podan gozar na práctica deses dereitos e liberdades;
2. Cada Estado deberá adoptar as medidas lexislativas, administrativas e outras que se revelen necesarias para asegurar que os dereitos e liberdades referidos na presente Declaración son efectivamente garantidos.

ARTIGO 3.º

O dereito interno conforme à Carta das Nacións Unidas e às demais obrigacións internacionais do Estado no dominio dos dereitos humanos e liberdades fundamentais constitui o cadro xurídico no ámbito do cal os dereitos humanos e liberdades fundamentais deberán ser realizados e gozados e no ámbito do cal deberán ser conducidas as actividades referidas na presente Declaración para a promoción, protección e realización efectiva deses dereitos e liberdades.

ARTIGO 4.º

Nengunha disposición da presente Declaración deberá ser interpretada de maneira a prexudicar ou contradicer os obxectivos e principios da Carta das Nacións Unidas ou como unha restrición ou derogación das disposicións da Declaración Universal dos Dereitos Humanos, dos Pactos Internacionais sobre Dereitos Humanos e de outros instrumentos internacionais e compromisos aplicábeis neste dominio.

ARTIGO 5.º

A fin de promover e protexer os dereitos humanos e liberdades fundamentais, todas as persoas teñen o dereito, individualmente e en asociación con outras, a nivel nacional e internacional:

- a) De se reunir ou manifestar pacificamente;
- b) De constituir organizacións, asociacións ou grupos non governamentais, de aderir aos mesmos e de participar nas respectivas actividades;
- c) De comunicar con organizacións non governamentais ou intergovernamentais.

ARTIGO 6.º

Todas as persoas teñen o dereito, individualmente e en asociación con outras:

- a) De coñecer, procurar, obter, recibir e guardar información sobre todos os dereitos humanos e liberdades fundamentais, nomeadamente através do acceso à información sobre a forma como os sistemas internos nos domínios lexislativo, xudicial ou administrativo tornan efectivos eses dereitos e liberdades;
- a) En conformidade con os instrumentos internacionais de dereitos humanos e outros instrumentos internacionais aplicábeis, de publicitar, comunicar ou divulgar libremente xunto de terceiros opinións, información e coñecimentos sobre todos os dereitos humanos e liberdades fundamentais;
- a) De estudar e debater a cuestión de saber se todos os dereitos humanos e liberdades fundamentais son ou non respeitadas, tanto na lei como na práctica, de formar e defender opinións a tal respecto e, através destes como de outros medios adecuados, de chamar a atención do público para estas cuestións.

ARTIGO 7.º

Todas as persoas teñen o dereito, individualmente e em asociación con outras, de desenvolver e debater novas ideas e principios no dominio dos dereitos humanos e de defender a súa aceptación.

ARTIGO 8.º

1. Todas as persoas teñen o dereito, individualmente e en asociación con outras, de ter acceso efectivo, nunha base non discriminatória, à participación no goberno do seu país e na condución dos asuntos públicos.
2. Este dereito comprende, entre outros aspectos, o dereito de, individualmente ou en asociación con outras persoas, presentar aos organismos governamentais e às axencias e organizacións que se ocupan dos asuntos públicos críticas e propostas para aperfeiçoar o respectivo funcionamento e chamar a atención para calquer aspecto do respectivo traballo que poda prexudicar ou impedir a promoción, protección e realización dos dereitos humanos e liberdades fundamentais.

ARTIGO 9.º

1. No exercicio dos dereitos humanos e liberdades fundamentais, nomeadamente na promoción e protección dos dereitos humanos enunciados na presente Declaración, todas as persoas teñen o dereito, individualmente e en asociación con outras, de beneficiaren de recursos adecuados e de seren protexidas na eventualidade de violación de tais dereitos.
2. Para este fin, todas as persoas cuxos dereitos ou liberdades teñan alegadamente sido violados teñen o dereito, persoalmente ou através de representantes legalmente autorizados, de presentar queixa e de que esta queixa sexa rapidamente examinada en audiencia pública perante unha autoridade xudicial ou outra autoridade independente, imparcial e competente establecida por lei e de obter desa autoridade unha decisión, en conformidade con a lei, que lle atribua unha reparación, incluíndo calquer indemnización que sexa devida, caso a persoa teña sido vítima de unha violación dos seus dereitos ou liberdades, e garanta a execución da eventual decisión e o cumprimento da obrigación de reparar, todo isto sen demora indevida.
3. Para o mesmo fin, todas as persoas teñen o dereito, individualmente e en asociación con outras, nomeadamente:
 - a) De se queixar das políticas e accións de funcionarios individuais e organismos públicos que consubstancien unha violación dos dereitos humanos e liberdades fundamentais, através de petición ou outro medio adecuado, às autoridades xudiciais, administrativas ou lexislativas competentes nos termos da lei nacional ou a calquer outra autoridade competente prevista nos termos do ordenamento xurídico interno do Estado, que deberán proferir a súa decisión sobre a queixa sen demora indevida;
 - b) De comparecer às audiencias, dilixencias e xulgamentos públicos, de maneira que podan formar-se unha opinión sobre a conformidade dos mesmos con a lei nacional e as obrigacións e compromisos internacionais aplicábeis;
 - c) De ofrecer e prestar asistencia xurídica profesionalmente cualificada ou outro tipo de aconsellamento e asistencia relevantes para a defensa dos dereitos humanos e liberdades fundamentais.
4. Para o mesmo fin, e en conformidade con os instrumentos e procedimentos internacionais aplicábeis, todas as persoas teñen o dereito, individualmente e en asociación con outras, de acceso irrestrito aos organismos internacionais con competencia xenérica ou específica para recibir e considerar comunicacións sobre cuestións de dereitos humanos e liberdades fundamentais e de se comunicaren libremente con os mesmos.
5. O Estado deberá proceder a unha investigación inmediata e imparcial ou garantir a instauración de un inquérito caso existan motivos razoábeis para crer que ocorreu unha violación de dereitos humanos en calquer territorio sob a súa xurisdición.

ARTIGO 10.º

Ninguén deberá participar, por acción ou por omisión, caso teña o deber de actuar, na violación de dereitos humanos e liberdades fundamentais e ninguén será suxeito a un castigo ou acción hostil de calquer xénero por se recusar a facé-lo.

ARTIGO 11.º

Todas as persoas teñen o dereito, individualmente e en asociación con outras, de exercer lexítimamente a súa ocupación ou profesión. Todas aquelas persoas que, como resultado do exercicio da súa profesión, podan afectar a dignidade humana, os dereitos humanos e as liberdades fundamentais de terceiros deberán respeitar eses dereitos e liberdades e observar o cumprimento das relevantes normas nacionais e internacionais de conduta ou ética profesional.

ARTIGO 12.º

1. Todas as persoas teñen o dereito, individualmente ou en asociación con outras, de participar en actividades pacíficas contra violacións de dereitos humanos e liberdades fundamentais.
2. O Estado deberá adoptar todas as medidas adecuadas para garantir que as autoridades competentes protexen todas as persoas, individualmente e en asociación con outras, contra calquer forma de violencia, ameazas, represálias, discriminación negativa de facto ou de dereito, coacción ou calquer outra acción arbitraria resultante do feito de a persoa en cuestión ter exercido lexítimamente os dereitos enunciados na presente Declaración.
3. A este respecto, todas as persoas teñen o dereito, individualmente e en asociación con outras, a unha protección eficaz da lei nacional ao reaxir ou manifestar oposición, por medios pacíficos, relativamente a actividades, actos e omisións imputábeis aos Estados, que resulten en violacións de dereitos humanos e liberdades fundamentais, así como a actos de violencia perpetrados por grupos ou individuos que afecten o gozo dos dereitos humanos e liberdades fundamentais.

ARTIGO 13.º

Todas as persoas teñen o dereito, individualmente e en asociación con outras, de solicitar, recibir e utilizar recursos para o fin expreso da promoción e protección dos dereitos humanos e liberdades fundamentais a través de medios pacíficos, en conformidade con o artigo 3.º da presente Declaración.

ARTIGO 14.º

1. O Estado ten o deber de adoptar medidas adecuadas no plano lexislativo, xudicial, administrativo e outros a fin de promover a comprensión por todas as persoas suxeitas à súa xurisdición dos respectivos dereitos civís, políticos, económicos, sociais e culturais.
2. Tais medidas deberán incluír, entre outras:
 - a) A publicación e dispoñibilidade xeneralizada das leis e regulamentos nacionais e dos instrumentos internacionais fundamentais aplicábeis en materia de dereitos humanos;
 - b) O acceso pleno e en condicións de igualdade aos documentos internacionais no dominio dos dereitos humanos, nomeadamente aos relatórios periódicos presentados polo Estado en cuestión aos órganos criados polos tratados internacionais de dereitos humanos de que ese Estado sexa parte, ben como às actas das sesións en que teñan sido discutidos e aos relatórios oficiais deses órganos.
3. O Estado deberá garantir e apoiar, sempre que for preciso, a creación e o desenvolvemento de novas institucións nacionais independentes para a promoción e protección dos dereitos humanos e liberdades fundamentais en todos os territorios sob a súa xurisdición, quer se trate de mediadores, comisións nacionais de dereitos humanos ou calquer outra forma de institución nacional.

ARTIGO 15.º

O Estado ten o deber de promover e facilitar a educación en materia de dereitos humanos e liberdades fundamentais en todos os niveis do ensino e de garantir que todos os responsábeis da formación dos xuristas, funcionarios responsábeis da aplicación da lei, persoal das forzas armadas e funcionarios públicos inclúen elementos adecuados para o ensino dos dereitos humanos nos programas de formación destinados a estes grupos profesionais.

ARTIGO 16.º

Os individuos, as organizacións non governamentais e as institucións competentes teñen a importante misión de contribuir a sensibilizar o público sobre as cuestións relativas aos dereitos humanos e liberdades fundamentais, através de actividades como a educación, a formación e a investigación nesas áreas con o fin de reforzar, nomeadamente, a comprensión, a tolerancia, a paz e as relacións amigáveis entre as nacións e entre todos os grupos raciais e relixiosos, tendo en conta a diversidade das sociedades e comunidades onde as súas actividades se desenvolven.

ARTIGO 17.º

No exercicio dos dereitos e liberdades enunciados na presente Declaración, ningún, actuando individualmente e en asociación con outras persoas, estará suxeito a outras limitacións que non sexan as que se imponan en conformidade con as obrigacións internacionais aplicáveis e sexan establecidas por lei con vista exclusivamente a garantir o debido recoñecimento e respecto dos dereitos e liberdades dos outros e de satisfacer as xustas esixencias da moral, da orde pública e do ben-estar xeral nunha sociedade democrática.

ARTIGO 18.º

1. Todas as persoas teñen deberes para con a comunidade e no seo desta, fora da cal o libre e pleno desenvolvemento da respectiva personalidade non é posíbel.
2. Os individuos, grupos, institucións e organizacións non governamentais teñen un papel importante a desempeñar e teñen a responsabilidade de defender a democracia, protexer os dereitos humanos e liberdades fundamentais e contribuir para a promoción e progreso das sociedades, institucións e procesos democráticos.
3. Os individuos, grupos, institucións e organizacións non governamentais teñen tamén un papel importante a desempeñar e a responsabilidade de contribuir, conforme necesario, para a promoción do dereito de todos a que reine, no plano social e no plano internacional, unha orde capaz de tornar plenamente efectivos os dereitos e liberdades enunciados na Declaración Universal dos Dereitos Humanos.

ARTIGO 19.º

Nengunha disposición da presente Declaración pode ser interpretada de maneira a conferir a un individuo, grupo ou órgano da sociedade ou a un Estado o dereito de se entregar a calquer actividade ou de practicar calquer acto destinado a destruír os dereitos e liberdades enunciados na presente Declaración.

ARTIGO 20.º

Nengunha disposición da presente Declaración pode ser interpretada de maneira a permitir que os Estados apoiem e promovan actividades de individuos, grupos de individuos, institucións ou organizacións non governamentais contrárias às disposicións da Carta das Nacións Unidas.



Observatório dos Direitos e Libertades

www.esculca.net